



Parlamento das Letras: Ramón Caride Ogando

Publicado o [23/05/2012](#)

Ramón Caride Ogando é o noso miglitor fabbro, o máis cómpito mestre de tafona literaria desta banda do Padornelo. E é que nacer en Cea imprime carácter, por máis que un, no mezo del cammin della sua vita, ande xa afeito aos caldos de acios dourados do albariño cambadés.

Porque os de Cea cocen o que sexa mester e sempre con calidade de denominación de orixe literaria: tanto amasan o levedo poético en paisaxes de verde chuvia como enfariñan todo de novela negra e crónicas de sucesos, igual fermentan futuros de soños eléctricos que fantasían con pezas históricas de fríos azuis, o mesmo roxan o forno infantoxuvenil de aventureiros Saids e Sheilas que se lles dá polas roscas articulísticas defrontadas ao gume dos espellos todos.

Con Caride Ogando aprendemos das xeografías de sal e o cerne das labaradas, das criptografías que nos habitan e as complexas máscaras de Cronos que van configurándonos, pero tamén soubemos do lumefrío, do sangue que imos deixando polos camiños e dos infndos ollos da noite. Porque no universo de Sarou/Louzós todo é posible, incluso que un rapaz de Cea diga a súa palabra e un mundo abroche.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Publiquei o meu primeiro libro, *Paisaxe de verde chuvia*, en 1986, o mesmo ano no que naceu Uxía, a miña primeira filla, un ano moi especial para min, como ves. Foi unha autoedición, duns poucos centos de exemplares. Fíxeno nunha imprenta pequena do Porriño, e debeu ser un dos últimos libros da historia nos que a composición se fixo a man, tipo a tipo, con caixas metálicas. Daquela non pensaba facer máis libros, entre outras cousas porque o soldo non daba para moito máis e xa pateara unhas cantas editoriais, sen resultados. Ao cabo de tres anos, Isaac Alonso Estravíz deume a oportunidade de publicar outro libro de poesía, na normativa reintegracionista, que se chamou *Tudo quanto hà no mundo*, o título era unha cita de León Felipe, poeta agora moi esquecido, pero que daquela era un dos meus favoritos. Fixeron trescentos exemplares que non chegaron a distribuírse. Estes dous poemarios ían ilustrados polo meu amigo o pintor Miguel Karballo. Non os considero obras ben rematadas e por iso non os recompilei en *As máscaras de Cronos (1992-2005)*, a miña poesía reunida no 2005.

As dúas primeiras recensións de prensa que conservo apareceron unha en *La Voz de Galicia* de Ourense, asinada por Camilo Franco, e outra en *El Correo Gallego*, nas páxinas culturais coordinadas por Helena Villar e Xesús Rábade. Esta segunda reproducía dous poemas. Falo de *Paisaxe...* pois *Tudo...* pasou desapercibida.

En paralelo xa publicaba cousas soltas, poemas ou contos no suplemento Revista das Letras de *El Correo Gallego*, na revista *Animal* de Positivas, en *Dorna*, no suplemento Mes a Mes da edición do Ribeiro de *La Voz de Galicia* etcétera. Nos oitenta, do que publiquei en prensa, hai pouca cousa que valla, pero seguramente me serviron para aprender. Unha escolla destes textos, xa dende os 90, ou sexa omitindo os primeirísimos anos, está no libro *O gume dos espellos* (2010) da editorial Toxosoutos, cousa que sempre lle agradeceréi ao meu paisano David González Couso.

No 1990 publiquei o meu primeiro libro de contos, *Os ollos da noite*, relatos convictos e confesos de serie negra en Ir Indo. Modesto Hermida, paisano meu das terras de Cea e daquela profesor en Vigo coma min, foi quen fixo de embaixador na editora. E por fin entrei nun mercado editorial “normal”, dentro do que cabe. Este libro, *Os ollos...*, é moi irregular, pero nel hai algún conto interesante, que recuperei en libros máis recentes. *Os ollos...* tivo certo éxito durante dous anos, convidáronme á Semana Negra de Xixón e reeditouse. Isto facilitoume seguir publicando.

O meu cuarto libro, *Crónica de Sucesos* (1991) —que ti coñeces e valoras ben, Armando—, é sen dúbida o mellor dos meus libros iniciais e o primeiro no que realmente atopei a miña voz. Aínda o libro que teño arestora no prelo en Xerais, para saír neste 2012, *Sarou/Louzos*, ten moito de *Crónica...*

Curiosamente, este libro, *Crónica...*, no que tiña tantas esperanzas, pasou novamente desapercibido, en parte polo éxito de *Soños eléctricos* (1992), a miña primeira novela. Perdoa a extensión da resposta, pero é moi difícil resumir anos en poucas liñas.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

No meu caso, a crítica e os lectores case sempre andaron rifados, agás no caso da serie de Said e Sheila (de *Perigo vexetal* a *A negrura do mar*), unha serie xuvenil moi vendida, traducida a varios idiomas e ben acollida pola crítica infantil-xuvenil. No caso dos meus moitos libros de relatos para adultos, empezando por *Crónica de sucesos* ata o *Dedre*, nalgúns tiven críticas moi boas, noutros pésimas, pero non moitos lectores, seguramente porque nos institutos os profes non recomendan libros de relatos e si novelas. Coas novelas para adultos tiven distintos premios: *Soños eléctricos* (1992), a primeira novela que publiquei e coa que gañei o primeiro premio ao que me presenteí, o Blanco-Amor, era unha novela de ciencia-ficción. Entre isto e varios malentendidos máis a crítica dominante asañoouse comigo —eran outros tempos e case ninguén entendía a necesidade de facer fantasía científica en galego—. Arrastrei este sambenito de *escritor de ciencia-ficción* ou *autor de subxéneros* por anos e así figurei en recesións e publicacións varias, como se non tivese feito nada máis. A miña poesía non se tiña en conta para nada, os relatos realistas tampouco etcétera. Agora dáme a risa, pero daquela amoloume un chisco.

A partir de entón, cando publiquei *Sarou* (1997) e, máis tarde, *O sangue dos camiños* (2003) ou *O frío azul* (2007), todas novelas de distintos xéneros e todas galardoadas (a última, en versión castelá, acaba de ter o premio El Templo de las Letras á mellor novela xuvenil do Estado, en marzo de 2012), creo que todo o mundo foi tendo claro que sei facer novelas. E que se non fago máis novelas non é non porque non saiba facer máis ca relatos, que por certo non son un xénero menor. Non hai xéneros e subxéneros, hai libros bos e outros que non o son.

As razóns polas que tiven as críticas que tiven haberá que preguntarlles aos recensionadores. Quedo coas críticas razoadas, en todo caso. Cada un é escravo das súas palabras ou dos seus prexuízos e os críticos tamén. Ademais, cada lector ou lectora, críticos e críticas incluídos, é moi libre de opinar o que lle pete, pero o tempo pon a cada un no seu lugar. Moito foguete moderno esvaeceu sen deixar pegada ningunha. Eu sigo ao meu, creo nas cousas ben feitas, na arquitectura do relato. Creo no respecto á intelixencia do lector, ante todo, porque eu empecei a escribir por ser lector. Ás taxonomías tampouco lles fago moito caso.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Xa quixera eu ter tempo abondo para poder perdelo con manías. Envexo fondamente a certo escritor madrileño que só é quen de escribir cunha determinada pluma estilográfica, a determinada hora, en determinada mesa de despacho. Se eu tivese tempo para estas macanadas supoño que acabaría caendo nelas, pero o caso é que non o teño. Escribo como podo, onde podo e co que teño máis á man. En canto me xubile, cultivarei manías como a de que o computador derrama o estilo literario, a de escribir un número exacto de folios cada día ou a de limitarme a ler os clásicos en versión orixinal; así sentíreme un pequeno Günter Grass ou un pequeno Cela. Poder cultivar as manías é un dos poucos consolos de facerse vello.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Como isto é unha pregunta condicional, haberá que lle dar unha resposta hipotética: preferiría non figurar en ningunha antoloxía e, pola contra, vender uns centos de miles de libros máis (con vender a metade do que se vende de Harry Potter conformábame, e coa cuarta parte tamén). Falando en serio: nas antoloxías de narrativa estou condenado a ir sempre detrás de Caneiro, Xosé Carlos, e antes de Casal, Uxía, porque nas antoloxías sempre desfilamos por orde alfabética ou abecedaria, sendo máis precisos. En xeral, non acredito moito nas antoloxías. Hai moitos autores que me interesan e que non figuran en ningunha antoloxía, pero toda excepción ten as súas regras. Ou sexa, como di Ernesto Sábato, hai todas as combinacións posibles: hai libros moi coñecidos e porén moi bos, como *O vello e o mar* de Hemingway; hai libros moi coñecidos e ruíns, coma *O código Da Vinci* (o exemplo non é de Sábato), tamén os hai moi bos e pouco coñecidos e mesmo moi ruíns e moi pouco coñecidos etcétera.

Ben, agora en serio, e que me perdoe Groucho Marx: eu desconfío de toda antoloxía que non me admita como antoloxizado. Para que imos dicir outra cousa. Non obstante, nunca lle neguei o saúdo a ningún antólogo. Particularmente, non llo neguei aos autores de todas as antoloxías de poesía, porque non figuro en ningunha. Consólome pensando que tampouco figuran outros poetas que a min me gustan moito, así que a culpa non é toda nosa, dos poetas. Se cadra é dos antólogos que non len todo o que se publica, por falta de tempo. Ou sexa, resumindo: cada un fala da feira, ou da antoloxía, segundo lle vai nela.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Sinto non poder responder esta cuestión, pero este tipo de preguntas nos exames de Literatura Española y Universal, no seu día, leváronme a decantarme por estudar Bioloxía e non Filoloxía. Se acaso, como dicía Manuel María, fíxeno o mellor que souben e sigo tentando facelo o mellor que sei. E non é pouco.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Non sei moi ben, nunca me teño posto a pensalo: leo o que me atrae en cada momento, o que me seduciu hai anos, as recomendacións dos amigos ou da familia, algunha novidade, non

demasiadas. Sobre todo leo o que me divirte. Podería dicirche os autores que lin nestes últimos meses: Vázquez Pintor, Roberto Bolaño, Onetti, Lovecraft, Emilio Bóveda, Richard Ford, Ian Watson, Dan Simmons, Emilio Araúdo, Cortázar, Mike Mignola, Xerardo Méndez, Xesús Manuel Marcos, Calvino, Camillieri, Robert Silverberg, Jim Thompson, Joyce, Mario Benedetti, García Márquez, Ferrín, Martínez Oca, Carver, Patricia Highsmith, Xurxo Sierra, Heinrich Boll, Yeats... ¿Paro xa? Tampouco te asustes, moitas son relecturas e hai poucas novelas de mil páxinas ¿Haberá algunha?

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Unha vez, nun encontro de escritores novos da AELG hai anos, un daqueles escritores novos, que agora xa non o son tanto, falou nun manifesto de “matar o pai e enterralo en cal vivo” e Novoneyra, que estaba naquel acto, deuse por aludido, e doeulle. Eu creo que non era esa a intención do manifesto, pero, en previsión de novos malentendidos, creo que non sobramos ninguén. O único que pediría é que os subsidios institucionais se repartan equitativamente; por exemplo, como as liquidacións de Cedro. E se imos tocar a moi pouco, que se fagan sorteos e ao que lle toque, pois tocoulle. Pero se no próximo Xacobeo a algún lle volven caer trinta recitais remunerados e a outros nada, que queres que che diga. Dan ganas, mesmo, de se dar de baixa do sistema literario, se é que temos tal cousa.

Que nos falta: internacionalización, difusión pública, axentes literarios, intermediarios profesionais que nos acheguen aos lectores do mundo e ás traducións, asociacións profesionais sen rixideces e sen figuras petrificadas nas cabeceiras... Falta case todo, agás autores e autoras interesantes, que os temos, e moitos. Temos o máis fundamental, os alicerces, moitos escritoras e escritores moi bos. Agora hai que erguer o edificio. Que se pode, e se non mirade para a banda deseñada ou a ilustración.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Esta pregunta é semellante á terceira, a das manías, e como tal déixoa tamén para a post-ubilación, se é que chego. Pero teño unha novela encetada (seica encetada non se pode aplicar ás novelas e si aos pans e aos queixos) desde o 2006, así que gustaríame rematala cando teña tempo, a ver se neste verán vai.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Como di Cioran. “Todo quen diga: nós, está mentindo”. Ou como Wittgenstein: “toda discusión é unha discusión sobre as palabras”. Porque se falamos do noso presente literario, quen somos *nós*, os do noso presente: ¿os lectores?, ¿os editores?, ¿os críticos?, ¿os escritores? Supoño que os escritores, pola parte que me toca. Eu sei algo do que fago, pero non moito do que fan outros, alén do meu círculo inmediato. Este oficio é tan solitario e tan particular que o presente literario de cada autor é o presente literario de cada autor. A min non me vai tan mal, así que non vou poñerme a chorar. Xa sei que son un galego atípico. Outra cousa, ou a mesma cousa se cadra, é a crise da industria editorial galega, que non vén de agora, aínda que se agrava estora por circunstancias evidentes.

O meu amigo Miguelanxo Prado dicía, alá polo 1991, “unha cultura totalmente subvencionada é coma un neno-burbulla” que periga cando fallan as subvencións. E para min que algo disto, ou moito, houbo. De todos os xeitos, hai editoriais novas, con novas ideas e xeitos de facer, que me interesan moito. Isto se cadra non é unha crise editorial senón un cambio completo do modelo editorial, xa veremos. Temos que ser optimistas e traballar, escribir no noso caso. Eu das miñas

crises levo saído a forza de traballo. Creo que hai que ser optimistas, aínda no caso de que non podamos ser ningunha outra cousa, e sobre todo neste caso. O futuro é todo noso, porque está todo por facer.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Amigo Armando: advírtoche seriamente que corres un grave perigo ao non limitar a extensión das respostas. E dígocho por experiencia propia. Corres o perigo de que esta sección reborde todo o blog a medida que se vaian incorporando autores. Eu empecei coa intención de ser breve e xa ves...